

ASPAMITE



MEMORIA DE ACTIVIDADES AÑO 2020



ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE TEO

TRAVESÍA DAS GALANAS, 71 – CALO

15886 TEO

TELÉFONO: 629322601

ÍNDICE

Saúdo do Presidente	3
Quen somos	4
Xunta directiva	5
Organigrama da asociación	6
Socios	7
Servizos prestados	8
Actividades realizadas	13
Melloras da asociación	35
Axudas e subvencións	37
Colaboradores	39
Asпамite na prensa e nas redes sociais	40

SAÚDO DO PRESIDENTE

Como ben sabedes, o ano 2020 foi moi complicado para todos os ámbitos da sociedade e, como non, para a nosa Asociación tamén.

A pandemia da COVID-19 obrigounos a manter o centro pechado dende mediados do mes de marzo ata o mes de setembro, sen ningún ingreso neste período de tempo.

Nestes meses tivemos que adaptar todo o local á nova normalidade, sendo necesario realizar unha gran inversión coa que non contábamos, o que permitiu recuperar a actividade con seguridade para os usuarios/as e profesionais, aínda que estivemos limitados, en canto ás actividades externas, pola situación sanitaria que continua na actualidade.

A pesar de todas as dificultades, como en anos anteriores, este tamén queremos compartir con vós todos os traballos realizados nos Centros Ocupacional e de Día, por iso vos enviamos a Memoria de Actividades 2020.

O traballo diario que se realiza nos dous centros cos usuarios supuxo, ampliado pola nova situación, un gran esforzo e dedicación de todos os que máis directamente estamos implicados. O persoal, coa súa profesionalidade, consegue motivalos e dinamizalos, para que estean sempre aprendendo a desenvolverse con autonomía.

Esta gran responsabilidade obríganos a estar sempre buscando novos retos e superar as dificultades para así poder mellorar cada día co fin de ofrecer o mellor servizo.

Damos as grazas a todos os socios, colaboradores, entidades privadas e Organismos Públicos que, coa súa colaboración, fan posible a continuidade de Asпамite.

A súa achega contribúe á formación dos usuarios con Diversidade Funcional para a súa inclusión na sociedade e no mundo laboral.

En nome da Xunta Directiva, quero resaltar, unha vez mais, a profesionalidade de todo o persoal que cada día fai posible aproveitar as súas capacidades.

Asпамite sempre está a vosa disposición, dada a situación actual, non podemos ofrecer visitar o Centro, esperamos que nun futuro próximo poidamos volver a compartir con todos o traballo que realizamos.

Unha forte aperta a todos e grazas novamente pola vosa colaboración

Ángel J. Morón Pérez

QUEN SOMOS

ASPAMITE é a Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional do concello de Teo que foi formada para mellorar as condicións de vida das persoas afectadas por algunha discapacidade. Actualmente atende a 14 persoas no Centro Ocupacional e a 10 personas no Centro de Día.

Ten o seu domicilio social en Travesía das Galanas, 71 – Calo - CP 15886 Teo (A Coruña), nun local cedido polo Concello de Teo durante 50 anos e o seu número da tarxeta de identificación fiscal é G/15513641.

Os seus **Estatutos** foron visados e incorporados ao Rexistro Provincial de Asociacións, con data 17 de marzo de 1995. Posteriormente, foron modificados e inscritos na Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia co nº 3911/1ª con data 15 de febreiro do 2005.

Rexistros nos que figura Aspamite e recoñecementos da Asociación:


- Rexistro da Consellería da Vicepresidencia e do Benestar Social da Xunta de Galicia co número E-863.
- Recoñecida entidade de carácter social dende o 25 de xaneiro de 2005.
- Censo de Asociacións e Entidades culturais e deportivas do Concello de Teo con data 2 de novembro de 2001.
- Declarada Entidade de Utilidade Pública segundo a Orde Ministerial 3014/2008 do 30 de setembro.
- Convenio das prazas coa Xunta de Galicia dende o ano 2009.

O ámbito de actuación da asociación, comezou sendo o término territorial do Concello de Teo pero na actualidade, atendemos tamén a persoas con diversidade funcional dos concellos de Santiago de Compostela, Boqueixón, Rois, Padrón e A Estrada.


XUNTA DIRECTIVA




ORGANIGRAMA DA ASOCIACIÓN



SOCIOS



SOCIOS POR CONCELLOS




SERVIZOS PRESTADOS

1.- CENTRO DE DÍA

O Centro de Día Asпамite créase no ano 2009 para dar resposta a 10 persoas con discapacidade e con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, en situación de dependencia.

Este servizo constitúe un recurso social necesario, onde o principal obxectivo que se persegue é facilitar unha atención habilitadora integral, mediante a posta en práctica de programas nos ámbitos persoal e social e así desenvolver o máximo posible as capacidades individuais dos usuarios/as, co fin de conseguir un axuste persoal e social axeitado que os leve a unha plena integración e normalización das súas condicións de vida.

O horario do centro é de 12:00 a 19:15 horas e o calendario previsto ocupa 11 meses laborais ao ano e un mes de vacacións, agosto.



As **condicións** para poder ser usuario do Centro de día son as que seguen:

- Ter entre 16 e 59 anos
- Recoñecida unha minusvalía => 65% e necesidade de axuda de terceira persoa
- Necesidade de apoio extenso e xeneralizado
- Empadroado nalgún concello de Galicia polo menos un ano





- Homes e mulleres, con discapacidade e necesidades de apoio extenso e xeneralizado, e/ou en situación de dependencia.
- A idade de admisión no Centro será de 16 a 59 anos.
- Requírese estar empadroado nalgún concello de Galicia, como mínimo durante un ano completo inmediatamente anterior ao seu ingreso no centro.
- Ter recoñecido un grado de minusvalía igual ou superior ao 65% polos Equipos de Valoración e Orientación e contar con necesidade de axuda de terceira persoa.

2.- CENTRO OCUPACIONAL

O Centro Ocupacional Asпамite créase no ano 2009 para dar resposta a 15 persoas con necesidades de apoio límite e intermitente.

Este servizo constitúe un recurso social fundamental para a atención de todas aquelas persoas con posibilidades de desenvolver as súas capacidades en áreas formativo-laborais e/ou ocupacionais, favorecendo así a calidade de vida dos seus usuarios e a súa inclusión social.

O horario do centro é de 12:00 a 19:15 horas e o calendario previsto ocupa 11 meses laborais ao ano e un mes de vacacións, agosto.



As **condicións** para poder ser usuario do Centro Ocupacional son as que seguen:

- Ter entre 18 e 59 anos
- Recoñecida unha minusvalía => 33%
- Necesidade de apoio límite e intermitente
- Empadroadado nalgún concello de Galicia polo menos un ano




- Homes e mulleres, con discapacidade e necesidades de apoio límite e intermitente.
- A idade de admisión no centro será de 18 a 59 anos.

- Requírese estar empadroado nalgún concello de Galicia, como mínimo durante un ano completo inmediatamente anterior ao seu ingreso no centro.
- Ter recoñecido un grado de minusvalía igual ou superior ao 33% polos Equipos de Valoración e Orientación e non ter necesidade de axuda de terceira persoa.

3.- TRANSPORTE

En Asпамite contamos con dous medios de transporte para prestar este servizo, transportando aos usuarios dende paradas próximas ás súas casas ata os Centros e viceversa.



Un **microbus** de 32 prazas para os usuarios de Teo, subvencionado polo Concello de Teo, no que os usuarios están acompañados durante todo o traxecto dunha coidadora. Neste ano de COVID, debido ao tempo que dura este transporte e a cantidade de usuarios que o utilizan, solicitamos un autobús con mais prazas para garantir o distanciamento entre os usuarios/as.

Unha **furgoneta** de 8 prazas para os usuarios de concellos limítrofes a Teo, para o cal existe un copago entre os usuarios deste servizo e a Xunta de Galicia.

Este servizo é común aos dous centros e permanece activo dende xaneiro a decembro, a excepción do mes de agosto, no que os Centros permanecen pechados por vacacións.

4.- COMEDOR

O servizo de comedor permanece activo dende xaneiro a decembro a excepción do mes de agosto no que os Centros permanecen pechados por vacacións.

Actualmente está adxudicado á empresa Freire Chico.



ACTIVIDADES REALIZADAS



Actividades do servizo de **Atención Diurna:**



➤ Estimulación cognitiva:

Tratamos de reforzar e consolidar os precursores das capacidades mentais que permiten aprender, pensar, razoar, resolver problemas, etc.

➤ **Estimulación sensorial:** A estimulación multisensorial é un instrumento utilizado co obxectivo de mellorar as condicións de vida das persoas con discapacidade. Para elo recorremos a medios e estratexias que traballan as capacidades máis básicas do ser humano: as sensacións, a percepción e a integración sensorial.

- **Psicomotricidade:** Potenciar a actividade corporal, o pracer de xogar e o contacto cos demais contruíndo algo xuntos. A través da práctica psicomotriz traballanse as facultades sensoriomotrices, emocionáis e cognitivas.



- **Ocio e lecer:** Axuda a fomentar as relacións interpersoais, a promover a participación do grupo e a conseguir un clima armónico. De xeito guiado, as persoas usuarias do centro de día participan en xogos nos que deben seguir e respetar turnos e normas; e tamén hai espazo para o xogo libre non dirixido, no que se promove a utonomía, a creatividade, a toma de decisións, etc.



- **Musicoterapia:** A través das cancións introducímonos no mundo da música, traballamos de xeito lúdico o ritmo, a entonación, a intensidade a melodía e o silencio. Descubrimos experimentamos e utilizamos as propiedades sonoras do corpo, dos obxectos do entorno e dos instrumentos musicáis da orquestra. Estas propiedades sonoras utilizámolas como instrumento de expresión e comprensión dalgúns sentimentos e emocións, para a rehabilitación das persoas usuarias .



- **Expresión plástica e artística:** A través de distintos materiais traballamos o desenvolvemento da motricidade fina, ademais de estimular o sentido da estética e da creatividade. E tamén exploramos e coñecemos algunhas das obras de Arte máis famosas da Hª da Humanidade; aportando información que nos proporcione unha visión xeral das formas de expresión artística que nos rodean.



- **Uso de novas tecnoloxías:** Apoiámonos nas novas tecnoloxías para potenciar ao máximo as capacidades a través de distintas actividades de estimulación cognitiva; utilizando distintos programas informáticos educativos como reforzo e apoio nas distintas áreas de traballo (áreas perceptivas visuais, auditivas, etc...)



- **Axuste persoal:**
 - **Adquisición de destrezas para a vida diaria (ADVD):** Formación e capacitación de hábitos relacionados co aseo, vestimenta, alimentación e autocoidado en xeral.
 - **Habilidades sociais e comunicativas:** Inclúe todas as habilidades relacionadas coa capacidade de expresar e comprender información mediante a palabra falada.
- **Áreas complementarias:**
 - **Cociña:** Durante o ano, os usuarios preparan distintas receitas para degustar. É unha actividade que nos permite aprender a manipular os alimentos, gozando do proceso de elaboración dos pratos.
 - **Saídas ao supermercado:** En grupos recucidos, realizamos saídas ao supermercado para traballar a identificación de produtos, seccións, etc. E poñer en práctica unha interacción axustada.

- **Xardinería:** Participación no embelecemento do entorno, realizamos actividades de plantación de flores de temporada e mantemento do xardín.
- **Iniciación ao teatro:** Mediante exercicios sinxelos de imitación, improvisación, etc; logramos desenrolar a nosa imaxinación de xeito ameno e relaxado.



Actividades do servizo de **Atención Ocupacional**

➤ **Axuste persoal:**

- **Actividades Instrumentais da vida diaria (AIVD):** Mediante o adestramento nestas actividades trátase de fomentar unha maior independencia e autonomía, mellorar as destrezas de execución e adquirir hábitos e rutinas axeitadas.
 - Habilidades académico-funcionais
 - Xestión da comunicación
 - Habilidades do fogar e seguridade
 - Mantemento da saúde
 - Manexo do euro e xestión de compras
 - Taller de cociña: Programa para a mellora da autonomía **“Hoxe cociño eu”**.
 - Saídas ao supermercado
 - Manexo do transporte

- Mobilidade na comunidade
- Utilización dos recursos da comunidade
- Aplicación de novas tecnoloxías



- **Adquisición de destrezas para a vida diaria (ADVD):** Formación e capacitación de hábitos relacionados co aseo, vestimenta, alimentación e autocoidado en xeral, enfocados a súa autonomía e promoción da vida independente.

➤ **Habilidades sociais e comunicativas e estratexias para afrontar situacións:**
Nesta área traballamos as conductas necesarias para interactuar e relacionarnos cos demais adecuadamente. As actividades que se realizan na aula están baseadas en situación reais da vida diaria nos diferentes ámbitos: formativo, laboral, social e familiar.


➤ **Educación laboral**

- Orientación e formación laboral: co obxectivo primordial de facilitar a inserción social e laboral das persoas con diversidade, formamos aos usuarios para a busca de emprego activa, traballando a alfabetización dixital, a elaboración de currículums, a preparación de entrevistas, o coñecemento das ferramentas de busca de emprego, etc...; e achegámoslle recursos, a través dos talleres pre-laborais, que favorezan o desenvolvemento de competencias e habilidades (de autonomía persoal, responsabilidade, perseveranza, compromiso...), co fin último de posibilitar o seu acceso a un emprego remunerado.

Este ano a pandemia imposibilitou, como estaba previsto, que os usuarios do centro ocupacional realizaran prácticas laborais coa empresa *Problis Envasado S.L.U.*, colaboradora habitual de Asпамite. Agardamos recuperar pronto esta colaboración.

- Talleres prelaborais:

- **Cestería:** Taller de artesanía tradicional no que participan todos os usuarios.
- **Confección de alfombras:** Labor artesanal de tecido de alfombras con distintos niveis de execución.
- **Ensartado:** Mediante o ensartado de abalorios, illadores e outros obxectos conseguimos que os usuarios desenvolvan as habilidades motoras finas e a súa capacidade de concentración.
- **Xardinería:** Cultivo e coidado do horto ecolóxico do centro.
- **Encadernación:** Aprendemos a realizar distintos tipos de encadernación coñecendo as ferramentas e materiais que se empregan neste oficio.



Actividades complementarias

- **Teatro e expresión artística:** A simulación de situacións ficticias é unha fonte amplísima de experiencias que nos permite aprender a relacionarnos e comunicarnos a través da linguaxe corporal, xestual, etc.

As artes escénicas como ferramenta terapéutica reportan numerosos beneficios para os usuarios (mellora da atención, concentración, motivación, memoria, razoamento, coordinación, estruturación espazo-temporal, control postural, ritmo, autonomía...), e como instrumento de inclusión social ofrece a este colectivo visibilidade e recoñecemento.

- **Ocio e lecer:** Nesta área promóvese a exploración e a participación activa no lecer no centro e na casa, fomentando que os usuarios e usuarias identifiquen intereses, habilidades e actividades apropiadas, e participen nelas. Destacamos o “*programa de dinamización do tempo libre fora do centro*”, para facilitar o contacto e a súa inclusión na comunidade.

Actividades do servizo de **Atención Terapéutica**, asistencial e ocupacional

A partir dunha valoración inicial integral de cada usuario (Plan de Atención Individual), procédese a realizar unha programación persoalizada, de todas as actuacións vinculadas á promoción da saúde.

Para cada persoa establécense obxectivos e actividades para desenvolver a súa autonomía persoal, tanto funcional como psicosocial.

- **Apoio e atención psicolóxica:** Nestes programas de intervención en funcións psicoafectivas, equilibrio psicolóxico e problemas conductuais, priorízase, a través de distintas estratexias terapéuticas, mellorar a calidade de vida de cada usuario, reforzando as súas capacidades, e facilitar a mellora das relacións interpersoais, para evitar o aillamento físico e emocional.
- **Terapia Ocupacional:** O programa ten como obxectivo a consecución do máximo nivel de autonomía e independencia persoal dos usuarios, dando apoio específico ás persoas que mais o necesitan, para mellorar as súas condicións físicas, cognitivas, sensoriais e psicosociais, entre outras.
- **Fisioterapia:** Ofrecemos unha atención especializada para abordar os problemas de movemento e dependencia, proporcionándolle a todos os usuarios unha maior capacitación física.



➤ **Logopedia** (servizo externo): Partindo dunha avaliación individual previa, e posterior programación, a intervención logopédica ten como fin mellorar as funcións executivas e lingüísticas dos usuarios con necesidades específicas de apoio.

➤ **Actividades complementarias de rehabilitación**

- **Educación física:** Dende os centros promovemos a práctica continuada de exercicio físico, posto que proporciona a todos os usuarios importantes beneficios para a súa saúde.
- **Natación:** Acudimos á piscina municipal da Ramallosa para asistir aos cursos de iniciación e perfeccionamento de natación adaptada.
- **Pilates adaptado:** melloramos a nosa postura, respirar correctamente e relaxarnos no día a día.
- **Estratexias de afrontamento:** aplicación de técnicas de respiración e relaxación.
- **Actividades terapéuticas de escritura expresiva e grafoexpresión:** Neste taller traballamos as emocións dende a expresión corporal, a escritura e o debuxo.



Información, orientación e apoio ás familias

Como equipo interdisciplinar, todas as especialidades coordínanse en función do plan de atención individualizado (PAI) de cada persoa.

Esa coordinación amplíase ao ámbito da familia que en todo momento é informada, a través do seu titor/titora, dos aspectos referidos ao PAI do seu familiar no servizo, da súa evolución e das medidas que se recomendan desenvolver no fogar.

A nivel individual, os profesionais do servizo asesoran e apoian ás familias en función das súas necesidades específicas, demandas e intereses.

E, dende este servizo, en coordinación cos profesionais de referencia dos centros hospitalarios, servizos sociais, etc., tras analizar as necesidades principais, faise unha proposta conxunta para proporcionar a cada familia as ferramentas e recursos necesarios que lles permitan afrontar novas circunstancias, contribuíndo así á mellora da súa situación vital.

Actividades de **Intervención comunitaria**

Dende este servizo promovemos o uso de recursos comunitarios, orientados á normalización, contribuíndo a unha maior participación social dos usuarios, ao desenvolvemento da súa autonomía persoal e a mellora da súa autoestima. Ao longo do ano organízanse distintas accións de apoio social, como campañas de sensibilización e prevención, e actividades de integración e participación na vida social e cultural.

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **8 de marzo, Día Internacional da Muller:** Reflexionamos sobre todo o construído e aquilo aínda pendente en materia de dereitos e igualdade de xénero.



➤ **Actividades polo Día Contra a Violencia de Xénero:**

En Aspamite realizamos diferentes actividades con motivo do Día pola Eliminación da Violencia contra a Muller.



- **Día internacional das Persoas con Discapacidade:** Varias asociacións e federacións de persoas con diversidade funcional mantivemos o progrma “*Baixo o mesmo paraugas*”. Este ano non puido ser na Praza do Obradoiro, cada un dende o noso centro, pero todos unidos, aínda que dende a distancia, na loita para que os dereitos das persoas con diversidade funcional sexan realmente universais.



PARTICIPACIÓN NA VIDA SOCIAL E CULTURAL

- **Acto de presentación do terceiro libro “NÓS”:** Libro recompilatorio de todos os contos e debuxos agasallados nos Concursos de Contos realizados entre os anos 2012 e 2019, ambos os dous incluídos. Ao acto asistiron o Concelleiro de Benestar, deportes e persoal, don Ignacio Iglesias; o Secretario Xeral de Política Lingüística, don Valentín García; e o Poeta Xosé Luna, quen recitou o poema que abre o libro e salientou a capacidade do concurso para promover que saibamos “mirarnos nos ollos dos outros”.

O evento foi presentado pola narradora e dramaturga Carmen Conde.

Adriana Orosa Fernández, alumna do CEIP O Foxo da A Estrada leu o seu relato “Persoas distintas”, premiado co accésit na modalidade de primaria do concurso do ano 2019.

O acto finalizou baixo os acordes da violinista Aldara Palmeiro, encargada de fiar musicalmente o transcurso da presentación, e coa entrega de exemplares da obra, ilustrada na súa portada por Ana Vázquez.



- **Acto de Mediamarkt:** Asistimos ao acto de entrega de equipos informáticos doados pola firma Mediamarkt, presidido por don Alfonso Chenlo, xerente da empresa.



OUTRAS ACTIVIDADES


- **Baile no Hotel Scala**



➤ Rebaixas de xaneiro:



➤ Entroido e Samain



- **Cociña Rupestre:** recuperamos unha receita ancestral, típica dos países nórdicos; *Pan da Idade de Pedra.*



- **Visita ao centro Muncyt:** En xaneiro visitamos na Coruña o museo Nacional de Ciencias e Tecnoloxía. Fixemos un pequeno taller didáctico e unha visita guiada, onde nos mostraron os numerosos obxectos tecnolóxicos que foron creados ao longo da historia.



- **Obradoiro de música e danza:** Durante unha tarde en Coruña achegámonos ata o Laboratorio escénico Coop, para danzar e facer actividades de expresión musical e relaxación acompañados de Jass Procesor e Ruth Balvís, Premio da Crítica de Galicia de Artes Escénicas 2019.



- **Obradoiro con BoSCQuejeros:** Trasladámonos ata a Fundación Granell para realizar un obradoiro de encadernación e pintura co grupo de debuxantes “BoSCQuejeros” de Santiago.




- **Obradoiro de elaboración de instrumentos musicais:** Realizamos un obradoiro onde cada usuario confeccionou o seu propio instrumento de percusión coa colaboración dun grupo de nenos e nenas do CEIP A Ramallosa, coa posterior visita á súa aula e participación nunha clase de música.



- **Obradoiros de restauración de Mobles:** Realizamos dous obradoiros de restauración de mobles. Os usuarios do Centro Ocupacional trouxeron distintas pezas de madeira para darlles un aspecto actual con axuda dun profesional da restauración, Manuel Fernando López López, e un monitor especializado.



- **Colaboración co Roupeiro municipal:** Algúns dos usuarios do Centro Ocupacional colaboraron coas voluntarias deste servizo municipal, durante unha xornada, organizando a roupa para as doazóns.



- **Obradoiro de confección de monicreques:** Participaron os usuarios do Centro de Día. Neste obradoiro cada usuario elaborou o seu monicreque con materiais reciclados. Colabora a Asociación Morreu o Demo.







- 32
AXUDAS E SUBVENCIÓNS
- **Merenda especial de Nadal:** O último día de actividades antes do Nadal tivemos unha merenda especial doada pola gañadora do segundo premio do concurso de fotografía organizado polo Teovivo. Cando nos viñeron a facer a entrega traían mais sorpresas con elas, viñan acompañadas de Papanoe!!! Que ben o pasamos! Moitas grazas a Fátima pola doazón e a Ana por compartir con nós o seu contacto con Papanoe!



ACTIVIDADES DURANTE O CONFINAMENTO

O día 14 de marzo comezou un confinamento domiciliario que obrigou ao centro a permanecer pechado ata o mes de setembro. Ata recuperar a actividade do centro, mantivemos o contacto diario coas familias e os usuarios para facer un seguemento e apoio dos seus avances, propoñendo unha serie de tarefas e “retos” para realizar na casa e compartir no grupo de WhatsApp de pais, e así reforzar dende a casa o traballo de autonomía, autocoidado..., ademais de sobrelevar a longa espera: cociña, lectura, preparación dun almuerzo especial, xardinería, decoración dunha mesa, representación de cadros famosos, fotografía, bailes con Cesáreo, mantemento físico con Astrid, retos musicais, envío de cartas especiais, vestir de gala, primeiras saídas, preparación dun picnic ...





MELLORAS NA ASOCIACIÓN

- **Adaptación ao protocolo da COVID-19:** A pandemia da COVID-19, ademais de traernos un longo confinamento e unha nova normalidade á que nos tivemos que adaptar a marchas forzadas, tamén nos obrigou a facer unha serie de adaptacións na Asociación, tales como: Diferenciar portas de entrada e saída, Marcaxe de direccionalidade para evitar cruzarse, instalación de alfombrillas desinfectantes en todas as entradas, dispensadores por sensor, de xabón, billas de papel para as mans, asó como de xel hidroalcohólico en todo o centro, Biombos de separación entre usuarios e nos despachos, mesas individuais, termos de auga quente e lavalouzas nos dous centros para asegurar o lavado a 60º, taquillas para gardar a roupa para cada usuario e persoal, dúas salas de illamento para posibles infectados COVID.



- **Limpeza e reforzo na seguridade da obra do centro novo:** contratamos a unha empresa para a limpeza da obra que estaba cuberta de maleza e procedeuse á sinalización e selado da mesma para que persoas alleas á obra non poidan entrar na mesma e así evitar posibles accidentes.



AXUDAS E SUBVENCIÓNS



- Convenio de 10 prazas de Centro de Día e de 14 de Centro Ocupacional



- Subvención para mantemento de servizos sociais: Rehabilitación dos usuarios e mellora da súa autonomía. Contratación dunha Terapeuta Ocupacional



CONCELLO DE **TEO**

- Convenio do transporte diario dos usuarios
- Outras axudas anuais para o mantemento do Centro



- Subvención para actividades

- Axuda para o programa de educación medioambiental e xardinería

- Axuda nominativa

- Axuda para actividades

- Subvención para actividades dos Centros.

COLABORADORES

TEO

Aspamite reúne los relatos de sus premios literarios en Teo



Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



M.M. | 19.02.2020



La Asociación de País con Diversidade Funcional de Teo, Aspamite, acaba de presentar Nós, obra compilatoria de relatos escolares sobre inclusión y diversidad social. Se trata de un libro que recoge "os contos e debuxos gañadores das últimas sete edicións dos Premios Literarios e de Ilustración Somos Capaces", afirman.

Todas as imaxes do noso Entroido, que **6. Medio Ambiente.** Manifestación de Casalonga Limpa, o 15 en Santiago



Periódico de Teo
Marzo 2020
Número 64
2 euros

teovivo



A superación ten nome e apelidos

agrandealdea. Un cuarto de século leva Aspamite traballando a favor da integración das persoas con diversidade funcional baixo o lema 'Somos capaces'. E vaia se o son! Atentos ás súas historias. 2-5



12. agrandeAldea
Vanesa, a xogadora do Praíña que lle plantou cara ao cancro, sen deixar de adestrar!

8. agrandeAldea
Bota fóra co seu coche en Oza, rouba outro nun bar e estámpao antes de chegar á casa

10. migasde historia
Coñecemos o Marco da Potra de Lamas, en Bamonde, que antano se cría que axudaba a empreñar os animais

CRA de Teo, unha escola diferente preto de ti

Aberto o prazo de matrícula (do 1 ao 20 de marzo)
Reis Recesende Raxó Cachéiras Casalonga
- Grupos reducidos - Todas as especialidades - Sección bilingüe primaria



24. viveteo!
Cora Blanco de Feros cóntanos como é o seu día a día en Dubái, onde vive coa familia

os heroes e heroínas das Galanas | O lema de Asпамite, 'Somos capaces', feito realidade. Bravo



Mercedes Pena Recesende, 51 anos Luchi, unha gran traballadora. Luchi é das veteranas de Asпамite, e tantos anos despois na súa casa non deban de alucinar con todo o que alí aprende. "Vivo con meu irmán Jaime e miña cunhada Lola, e están encantados comigo porque axúdolles en todo o que alí aprende. "Vivo con meu irmán Jaime e miña cunhada Lola, e están encantados comigo porque axúdolles en todo o que alí aprende. "Vivo con meu irmán Jaime e miña cunhada Lola, e están encantados comigo porque axúdolles en todo o que alí aprende. "



Alberto Blanco Cacheiras, 37 anos Todo corazón. A Alberto adóralo todo o mundo polo cariñoso que é. Tanto como sensible, de aí que a súa maior loita sexa manter a raia as emocións. Esas que el ten tan a flor de pel, o que á vez o convirten nunha persoa cunha grande empatía. "Só con verte, sabe como estás. Se chegamos cun mal día, deseguida o nota e coa mirada xa nos pregunta como estamos; sempre está pendiente de todos". Canta melloría experimentou Alberto nestes anos á hora de expresarse! Na casa, axuda sempre a súa nai cos recados e as tarefas do día a día. E en Asпамite, gústalle a música tanto como odia as manualidades, "porque mancho as mans e a min gústame andar limpo".



Mari Cerqueiro, Os Tilos, 34 anos O esforzo feito persoa. Cando Mari Carmen chegou a Asпамite, nin se imaxinaba o moito que chegaría a superarse. "Mellorrei moitísimo á hora de falar e expresar o que sinto, algo que antes me custaba un mundo. Por calquera cousa xa choraba, cando agora madurei un montón", celebra feliz. "É que se esforza moitísimo", subliñan as profesoras, que definen a Mari como unha moza "sensible, boa compañeira, moi coqueta e responsable". Unha cualidade esta última que destacou a empresa na que está facendo prácticas! É que en Asпамite aprendeu cousas tan importantes para o día a día como a manexar ben os cartos, "e agora xa sei contar as vogais cando vou comprar ou saio cos compañeiros".

Porque detrás de cada un deles hai unha historia de superación e loita, velaquí só algúns casos que son auténticas leccións de vida. "Ás veces hai contratempos, pero igual que caes hai que ter forza para levantarse e seguir; e aquí entre todos axudámonos a logralo".



Saúl e Manuel Iglesias, Cacheiras 36 e 44 anos Irmáns superándose xuntos. Manuel case se pode dicir que é o usuario que abriu a porta do centro de Asпамite, ao que no 2005 se sumou seu irmán pequeno, Saúl. No que máis melloría notou o primeiro foi á hora de comunicarse. "Antes non era capaz, ao mellor tiña un enfado e aguantaba ata que saltaba", recorda. Pola súa parte, Saúl cóntanos que agora se comporta mellor: "Tamén ganou en responsabilidade e en concentración nos talleres", din as profes. Malia ser irmáns, son moi diferentes e prefíren ir cada un polo seu lado. Así, mentres o maior disfruta no taller de escritura creativa, ao pequeno encántalle as saídas. "A comprar roupa ou ao súper, para aprender a defendermos nós, que para min é o obxectivo máis difícil". Fóra de Asпамite, a Manuel gústalle quedar cos amigos. "É non vexas todo o que sabe de literatura e cine!", subliñan no centro. Saúl prefire a música, os xogos e a tele. "Sobre todo ver xogar o Madrid", destaca divertido mirando o irmán. "Outra cousa na que somos distintos, eu son do Barça", di este. E veña risas!



Iria Prol Os Tilos, 35 anos Fronte ás barreiras, tenacidade. Iria é unha loitadora. Unha enfermidade dexenerativa aínda lle fai máis difícil o camiño, pero ela non se rende. "Ten dificultade para desprazarse, pero ganou moita seguridade", celebran en Asпамite. É que para Iria, o feito de moverse máis lento non é barreira. "Cando imos á Piscina, xa vou soa, sen agarrarme ás compañeiros", di ela. "Fai todo sen apoio; aínda que lle leve tempo é moi tenaz e quere ser autónoma. Tiñas que vela cando fomos á depuradora de Calo, subir as escaleiras ela soa", aplauden as profes. "Pero despois para baixar...", lembra Iria risosa. Entón, aí estaban todos para axudala, pois é moi querida ao non enfadarse nunca. "Só cando me buscan xenio", confesa.



Juan Carlos Conde Rois, 32 anos Enerxía pura. Juan Carlos pasou de non saír case da casa a estar moi activo grazas ao programa de rehabilitación que segue en Asпамite. "Agora ando moito máis e sintome mellor fisicamente, e tamén estou máis contento", cóntanos quen xa ten que facer un esforzo a diario para ir ao centro. "Porque gasta moita enerxía nos desprazamentos, e iso xa é unha superación", destacan no seu caso. En Asпамite é "súper útil" porque fai un traballo importantísimo, ao ser o encargado de informatizar a biblioteca e tamén os relatos do concurso de contos "E iso que tecleo cun só dedo" (risas). Na súa casa fai cousas increíbles, como ducharse e vestirse só, e nas Galanas é o usuario máis conciliador. "Porque a min non me gustan os problemas, quero que todos nos levementes ben".

6.agrandeAldea
teoviv074.

consumo de proximidade | Cando 100 euriños de compra se traducen en algo impagal

Que ilusión fixo en Asпамite a visita de Santa e o regalo de Fátima!

Que sorpresa levaron os usuarios do centro das Galanas cando viron entrar pola porta o mesmísimo Santa Claus. Alberto de Cacheiras non puido evitar saír correndo a recibilo! Se a súa visita xa lles fixo ilusión, cando lles contamos que Fátima decidira doarlles o seu premio mercándolles a merenda de fin de curso, os seus aplausos oíronse en Laponia! Para ir abrindo boca, a dentista entregoulles os puchos de Nadal, como vedes na foto con Adriana e Manuel. "Quen me fa dicir que mandar unha foto ao Teovivo me traería momentos tan bonitos, emocioneme e todo", celebrou a ganadora do 2º premio do concurso, que para o mes que vén poderá ver o moito que disfrutaron na festa grazas a ela. Velaquí un final feliz para un ano que tamén foi difícil en Asпамite. Bravo!!



por estes homes e mulleres que merecen un monumento á perseveranza!



Manolo Eiris
Oza, 37 anos
O que regresou, para alegría de todos. Manolo xa estivera anos atrás en Aspamite, e logo deixara o centro, polo que seguía indo de visita. "Pero queríamos que volvera porque estabamos todos, pero faltaba Manolo", din as profes. "Notábase en falta porque con el o cachondeo está asegurado, sabe moitos chistes!", di o seu amigo José María. Meses atrás houbo unha vacante "e rescátámolo". E así foi como Manolo deu o paso de aparcir a súa inseparable bicicleta e volver ao lugar no que todo o mundo o quere, onde vén de ganar un concurso de baile e se está superando co teatro. "É un músico marabilloso, venlle de familia, e ten moi bo corazón. E sen dúbida, é o home máis elegante de Aspamite. E un galán!", destacan del. "Pero xa estou namorado", confésanos.



Alba Rey
Recesende, 23 anos
A benxamina, sempre alegre! Alba é a usuaria máis nova de Aspamite, e todos destacan dela o alegre que é. "Sempre está contenta, é moi participativa e ten unha actitude moi positiva. Está traballando a responsabilidade e a madurez, aprendendo a controlar as súas rabietas". "Agora xa me pasan pronto!", presume esta usuaria do centro de día e tamén do ocupacional. Ao igual que Iria, Alba é das que cocina fenomenal, e disfruta tanto nas clases de cálculo e lectura con Rosa como nas de música con Antonio. Iso si, se algo lle encanta é... ir de compras con Vega! "Porque son presumida e gústame a moda".



Cristina Andújar. A Estrada, 35 anos
Toda unha revelación, no escenario e na vida. Coa chegada de Cris, en Aspamite naceu unha estrela! Porque a esta artista encántalle o teatro, onde a temos visto en máis dunha ocasión bordando o papel. E non vexasdes o aplicada que é ao aprender o guión. Ten unha memoria prodixiosa! Esta foi só unha das moitas habilidades que deixou ver cos anos, "pois é unha caixa de sorpresas", afirman as profes. Nun taller cun músico de jazz, Cristina arrancou a bailar danza contemporánea de forma improvisada "e todos quedamos alucinados con como sente a música, emociona vela moverse". Fan da TVG, Cris tivo a sorte de coñecer

en persoa o seu actor favorito, Miguel de Lira, "e a Roberto Vilar deixeiño coa boca aberta cando veu aquí a Aspamite, co moito que sabía da súa vida", lembra divertida. Na casa, seus pais, que xa son maiores, están orgullosos do moito que evolucionou no centro das Galanas, axudándolles agora un montón no seu día a día. "E cando están enfermos, fágolles manzanilla ou kévolles o almorzo á cama", di co seu permanente sorriso. Tamén aprendeu a coidarse máis a si mesma, tendo hoxe moi ben a pel malia a sorriase, á vez que se esforza en manter o peso e facer deporte. De aí que xa lle estea ganando a batalla ao colesterol e á tiroidea!



Adriana Miguens
Cacheiras, 23 anos
Adeus medos! O que leva conseguido Adriana en só dous anos! "Aquí aprendín a facer algo tan importante como saír soa da casa. Onte fun ver o Cacheiras, onde me esperaban os compañeiros", celebra a terremoto do centro, sempre tan alegre como inquieta. "O de Adriana ten moitísimo mérito, pois custáballe tanto saír como quedar soa na casa, ao darlle medo", explican as profesoras. "Non quedaba soa nin que baixara o cura!", di divertida quen vive xunto a igrexa cacheirá. "Cando agora xa o fago cando meu pai vai coa avoa ao médico". Tras perder a vergonza, ten claro o seguinte reto: "Teño que madurar. A profe di que vai facer de min unha muller feita e dereita. E vouno lograr!" (risas).



José María Seage
Calo, 39 anos
A conquista da independencia. Sempre hai que intentalo. Ese é o lema de vida de José María, que nunca se amedrenta ante os retos do día a día. "El nunca di: 'Isto non pode facelo', celebran en Aspamite. "Eu digo: 'Vou intentar facelo', afirma sorrinte o mozo, a quen a súa discapacidade visual non lle impediu dar pasos de gigante na conquista da súa autonomía. "Melloréi moito porque xa me desprazo só polo centro, e ata meus pais na casa notan que son máis independente, ao ganar seguridade ao andar. E tamén aprendín a manexar os cartos!", celebra quen nunca se puxo metas. E quen sabe que, de precisar axuda, xa están pendentes del os compañeiros para bríndarlle un ombreiro no que apolarse.

ASPAMITE

Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional de Teo



DIRECCIÓN:

Travesía das Galanas, 71 – Calo
15886 Teo (A Coruña)



TELÉFONOS:

Fixo: 981548701
Móbil Dirección: 648298191
Móbil Administración: 629322601



EMAIL:

aspamite@aspamite.org

REDES SOCIAIS:



Facebook: www.facebook.com/Aspamite



Twitter: @Aspamite



Instagram: @aspamite



PÁXINA WEB:

www.aspamite.org